



M. Orlando
González Cruz

EN MONDOÑEDO HAI FUTURO

**Programa de Gobierno
Municipais 2011**

VOTA





Ao longo destes catro anos, o BNG traballou con ilusión e constancia para atender as necesidades reais dos veciños e veciñas do concello; tanto no ámbito urbano como no rural.

O fixemos desde o diálogo e a cooperación, con transparencia e honradez e coa habilidade necesaria para materializar boa parte do noso programa electoral.

A situación económica do concello limitou a nosa acción de goberno, máis, ainda así, fomos quen de realizar unha xestión intelixente coas restantes administracións públicas. Unha xestión que priorizou obxectivos e que deu froitos importantes como a urbanización e rehabilitación da Alcántara, a recuperación da Ponte do Pasatempo, a pavimentación e acondicionamento das rúas Marina Mayoral, Xosé M^a Pardo e Leiras Pulpeiro, a implantación de internet nas parroquias, a mellora da rede viaria e das infraestruturas básicas en materia de saneamento e abastecementos de auga, a adquisición do tractor, a rehabilitación da aldea do Vilar e da escola de Curros, a creación do Centro de Interpretación do Camiño Norte, a creación do Centro Cultural da Alcántara, o desbloqueo do parque empresarial, a apertura das covas do Rei Cintolo, o fomento do emprego a través dos obradoiros de emprego e dos programas de cooperación, a ampliación do servizo de axuda no fogar, as políticas de rehabilitación de vivenda e espazos públicos na Área de Rehabilitación Integral (ARI), os programas de participación social nas parroquias, e un longo etc. de proxectos e medidas destinadas a satisfacer as necesidades reais das xentes do concello e a pór en valor o noso importante patrimonio.

Os cargos públicos do BNG teñen demostrado capacidade de xestión e disposición para o diálogo. Son xente con ideas e proxectos de futuro.

Con proxectos feitos realidade e co orgullo do traballo realizado, queremos propoñervos que fagades destas eleccións un punto e seguido para continuar avanzando.



PROGRAMA DE GOBIERNO

Nun contexto de crise económica como o que estamos a vivir, as políticas de benestar social e fomento de emprego son para nós unha prioridade. Polo demais, o programa que vos presentamos pretende responder a criterios realistas e proxectos realizábeis.

BENESTAR SOCIAL

- Xestión a prol dun CENTRO DE DÍA.
- Ampliación da Escola Infantil.
- Reforzar o servizo de Axuda no Fogar.
- Servizo de integración e emerxencia social.
- Servizo de Información, Orientación e Asesoramento sobre dereitos e recursos sociais dispoñíbeis.
- Programas de participación social nas parroquias.



FOMENTO DO EMPREGO E DO COMERCIO

- Obradoiro de emprego para rematar a rehabilitación de O Vilar.
- Xestión de novos cursos de formación para desempregados/as (AFD).
- Programas de cooperación.
- Información e asesoramento a través do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.
- Promoción dos produtos e do mercado local.
- Colaboración coa ACIAM na promoción e fomento do comercio.

URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Os constantes cambios lexislativos en materia urbanística impidieron a aprobación do PXOM no mandato 2007-2011, sendo fundamental a súa aprobación no próximo mandato.

- Aprobación do Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).
- Continuar coa recuperación e renovación de espazos urbanos, como fixemos na Alcántara ou na Ponte do Pasatempo.
- Acondicionamento da parte posterior da Alcántara como aparcadoiro.
- Revisión do Plano Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI).
- Xestión co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), para a construcción de vivendas de promoción pública nos Muiños.
- Reforzar a Oficina de Rehabilitación Municipal.





DEPORTE

- Continuar potenciando o deporte de base a través das escolas deportivas; reforzando e ampliando a súa actividade.
- Continuar coas campañas de animación deportiva nos centros de ensino.
- Promocionar o deporte de aventura e as actividades no medio natural.
- Colaborar coas Asociacións deportivas do concello.
- Seguir garantindo o acceso a actividade deportiva a todos os segmentos da poboación.
- Recuperación e promoción de xogos populares.

ÁREA RURAL

- Continuar coa rede de saneamento en barrios e parroquias.
- Mantemento e mellora de pistas e camiños.
- Intensificar os desbroces nas vías de titularidade pública e limpeza de cunetas.
- Convenio coa Consellería de Medio Rural para traballos de prevención e extinción de incendios.
- Instalación de bocas de incendio nas parroquias.
- Conexión gratuíta a internet nos locais sociais veciñais.
- Mellorar a sinalización de barrios e parroquias.
- Desenvolver novas programacións de actividades socio-culturais.




MEDIOAMBIENTE

- Mellora das instalacións de depuración de augas residuais.
- Continuar co Aforro Enerxético.
- Erradicación de vertedoiros incontrolados.
- Recollida de pilas e aceites.
- Optimización e mellora da recollida do lixo.
- Recollida de plásticos derivados das actividades agro-gandeiras.
- Campañas de educación ambiental.
- Campañas de limpeza e acondicionamiento dos ríos.
- Promover o uso da bicicleta e divulgar as rotas de cicloturismo.

En Mondoñedo o turismo, a cultura e o patrimonio constitúen tres piares fundamentais para o seu desenvolvimento e futuro.

CULTURA E PATRIMONIO

- Apertura e posta en funcionamento do Centro Cultural da Alcántara.
- Creación da Fundación Centro Cultural da Alcántara.
- Continuar coa posta en valor do Castro de Zoñán.
- Continuar coa catalogación e recuperación do patrimonio material e inmaterial.
- Conservación e posta en valor do Arquivo Municipal: Catalogación definitiva do Arquivo, conservación e restauración de documentos, dixitalización da documentación máis antiga e relevante e promover a súa difusión pública.
- Continuar coa programación conmemorativa dos cen anos do nacemento do escritor Álvaro Cunqueiro.
- Programar os actos conmemorativos do pasamento de Leiras Pulpeiro.
- Programar actos culturais nas parroquias.
- Servizo de Normalización Lingüística.



TURISMO

- Posta en funcionamento de O Vilar con fins turísticos.
- Creación no Vilar da Aula de Interpretación da Prehistoria vinculada ás covas do Rei Cintolo.
- Ampliar a Rota da Auga ata O Vilar.
- Xestión para que as covas do Rei Cintolo sexan declaradas Monumento Natural.
- Potenciación e promoción do Camiño Norte e do Centro de Interpretación.
- Continuar coa potenciación e promoción das festas de interese turístico.
- Promoción e divulgación en feiras do sector turístico.

COA TÚA FORZA É POSIBLE

MOCIDADE

- Optimizar o funcionamento da casa da xuventude e da oficina de información xuvenil.
- Colaborar co asociacionismo xuvenil na programación de actividades.
- Xestionar co IGVS a construción de vivendas de promoción pública para a xente xove.

VOTA



CANDIDATURA BNG MONDOÑEDO

A candidatura do BNG combina a experiencia dos que xa estiveron gobernando durante o mandato 2007-2011 coa ilusión e compromiso das novas incorporacións.

A candidatura do BNG está integrada por homes e mulleres que apostan por un concello ao servizo do benestar social e da calidade de vida dos veciños e veciñas.

Unha candidatura que entende a política como diálogo, cooperación e participación.

Unha candidatura que aspira a incrementar a representación do BNG na Corporación Municipal para continuar, se cabe con máis forza, o traballo e o proxecto começado hai catro anos.



1. M. MANUEL ORLANDO GONZALEZ CRUZ

Médico, veciño de Mondoñedo e actual alcalde.

2. ANXEL DIAZ GARCIA

Empregado de Alcoa, veciño da parroquia do Carme e actual concelleiro de Obras e Medio Rural.

3. XUSTO MARIA FERNANDEZ HARO

Autónomo, veciño de Mondoñedo e actual concelleiro de Cultura, Deportes, Patrimonio e políticas de rehabilitación na ARI de Mondoñedo.

4. ELENA FREIRE CASTRO

Empregada, presidenta do Orfeón da Sociedade de Obreiros e veciña de Mondoñedo.

5. MARIA ESMERALDA IRIMIA BALSEIRO

Técnica en transporte sanitario do 061 de Mondoñedo e veciña de Masma.

6. ANA ISABEL BARREIRA BOTANA

Auxiliar de enfermería do Hospital de San Pablo e veciña de Estelo.

7. VITOR VILA LOPEZ

Enfermeiro do centro de saude de Mondoñedo, veciño do Coto da Recadieira e actual concelleiro de Turismo, Industria e Comercio.

8. ELOI CABANAS RAMOS

Traballador do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galiza, e veciño de Vilamor.

9. MARIA CARME MASEDA DIAZ

Auxiliar de enfermería do Hospital da Costa e veciña de Viñas da Veiga.

10. XOSE CHAO VEGA

Técnico de mantemento, coportavoz da plataforma Furapresas e veciño de Mondoñedo.

11. MARIA XESUS PEREZ ALVAREZ

Empregada e veciña do barrio de Os Muiños.

Suplentes:

1. XOAN CARLOS BOUSO CARBALLEIRA

Técnico electrónico e veciño de Santa María Maior.

2. VILMA LEIVAS RIVAS

Labrega do sector hortícola e veciña de Seivane.

3. MARIAN SALGUEIRO CASTRO

Empresaria e veciña do barrio de Os Muiños.

4. XULIO RODRIGUEZ BERMUDEZ

Labrego do sector hortícola e veciño de Seivane.